

CONVOCATORIA PARA O ANO 2022 DAS AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU CON DEPENDENCIA

ARTIGO 1.-OBXECTO

Mediante esta disposición convócanse anticipadamente as axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada, destinadas a facilitar o uso dun medio alternativo de transporte, a aquelas gravemente afectadas na súa mobilidade e que cumpran cos requisitos das Bases reguladoras destas, aprobadas no Pleno de 18 de decembro do 2018 .

ARTIGO 2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia e rematará o **31 de outubro de 2022** e, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no Boletín Oficial da Provincia mediante resolución do órgano municipal competente.

ARTIGO 3.- CRÉDITO

O importe total destinado a estas subvencións é de 55.000,00€.

As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48900 do Orzamento municipal de 2022, quedando condicionada a concesión de subvencións á existencia de crédito axeitado e suficiente

A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución do órgano municipal competente e terá efecto logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

ARTIGO 4.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "SIUSS", co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTIGO 5. - REMISIÓN NORMATIVA

En todo o non recollido nesta disposición aplicaranse o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, *General de Subvenciones*, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín oficial da Provinci